

## Circular FGA-OU-1/2019

### CAMPIONATO PROVINCIAL FEDERADO DE CAMPO A TRAVES - TEMPADA 2018/2019

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio do Club Limiactiva, o "CAMPIONATO PROVINCIAL ABSOLUTO DE CAMPO A TRAVES", a celebrar o día 24 de febreiro do ano 2.019 no circuito de campo a traves de o Hipódromo de Antela – Sandiás – Xinzo de Limia – Ourense dentro do I CROSS DE ANTIOQUÍA.

**PARTICIPACION:** Poderán participar todos os atletas con licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2018-2019. Todo aquel atleta que se inscriba e non tramitara a súa licenza federativa pola Delegación en Ourense da F.G.A. terá que presentar na Secretaría da Competición un documento que acredite que ten licenza federativa, nacional o autonómica, en vigor para a tempada en curso. Os atletas que incumplan o presente apartado non poderán participar.

**INSCRIPCIONS:** Na Web da RFEA mediante o sistema online <https://isis.rfea.es/sirfea2/main.asp>, ata as **20:00 horas do martes 19 de febreiro de 2019.**

**CLASIFICACIONES:** Estableceranse clasificacións individuais e por equipos na categoría absoluta.

**Individuais(\*):** Na categoría ABSOLUTA (de categoría sub20 en adiante) Homes e Mulleres.

(\*)Para o Cpto. Provincial Individual contarán únicamente aqueles atletas que cumplan 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán Español (Acreditado mediante o carnet de identidade).
- Ser Ourenseño de nacemento (Acreditado mediante o carnet de identidade ou partida de nacemento).
- Con domicilio legal na Provincia de Ourense (Acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a Tempada 2014/2015.

**Por equipos(\*\*):** Na categoría ABSOLUTA masculina e feminina. O número de atletas dun equipo son 6, podendo presentar cada Club un número ilimitado de equipos, contabilizando para a clasificación final os postos dos 4 primeiros atletas de cada club. Realizando a clasificación da seguinte forma:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos a 4 atletas.
- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubs que enviaron a inscrición no prazo previsto.
- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto atleta rematara máis próximo o vencedor da proba.

(\*\*) Para a clasificación por equipos puntuarán todos aqueles atletas fichados por clubs da Provincia de Ourense.

Unha vez efectuada a inscrición de máis de 1 equipo na extranet RFEA, os Clubs deberán mandar un correo a [info@carreirasgalegas.com](mailto:info@carreirasgalegas.com) indicando os integrantes de cada equipo.

**PREMIOS:** Concederanse premios os tres primeir@s clasificados absolutos e premio os 3 primeiros Clubs da Provincia de Ourense en categoría absoluta, tendo para elo a obrigatorio de asistir a cerimonia de entrega de premiacións.

#### HORARIO E DISTANCIAS A PERCORRER:

CAMARA DE CHAMADAS		PROBA					
Apertura	Peche	Hora	Categoría	Anos	Circuíto A (1000 metros)	Circuíto B (2000 metros)	Total Metros
11:55	12:05	<b>12:15</b>	Absoluta Mulleres	Sub20 e posteriores		3	6.000
12:40	12:50	<b>13:00</b>	Absoluta Homes	Sub20 e posteriores		3	6.000